

"Rosalía era a voz dos silenciados, das maltratadas, da lingua, era a voz que falaba por todos"



Marcos Pérez Pena | @zerovacas

Este venres cúmprense exactamente 175 anos do nacemento de Rosalía de Castro e para celebralo a [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#) organizou un feixe de actividades de todo tipo e en todas as direccións, animando ademais á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor. Dende hai semanas, ademais, foilles remitindo aos concellos de todo o país solicitudes para que os plenos municipais aprobasen mocións declarando este 24 de febreiro como *Día de Rosalía de Castro*.

Até agora máis de trinta xa o fixeron ou están en proceso de facelo, comezando pola Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pontenova, Arteixo, Arteixo, Betanzos, Cangas, Ferrol, Laracha, Muros, Narón, O Rosal, Ponteareas, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Santiago, Teo, Tui, Valdoviño, Viana do Bolo, listaxe que irá aumentando nos próximos días segundo se vaian celebrando os plenos. Como salienta Mercedes Queixas, secretaria xeral da AELG, "o recibimento foi moi bo. A proxección que ten Rosalía é tal, que segue estando en nós case sen dármonos conta".

Como salienta Queixas, os actos organizados nacen con vocación de ser moi "sociais" pois "a obra de Rosalía está concibida para o pobo,

para a sociedade galega". O obxectivo é "achegar a obra de Rosalía todos os galegos, sobre todo os máis novos, que hoxe coñecen unha Rosalía que non foi a

unha Rosalía que non foi a que estudamos durante moitos anos"

que estudamos durante moitos anos. Os estudos de diferentes investigadores nos últimos anos fóronnos colocando ante unha Rosalía moito máis auténtica, con maior personalidade, unha muller culta, loitadora, vangardista..., algo moi diferente a aquela Rosalía simple, chorona, populista..., que outras xeracións estudamos".

Queixas afirma que "Rosalía tiña un país na cabeza que non era a que daquela había e ela ergueuse convencida como a voz do pobo, dende unha posición consciente de certo prestixio ou con maior facilidade para chegar á sociedade. Era a voz dos oprimidos, dos silenciados, das maltratadas, das nunca valoradas, das invisibilizadas, das mulleres, da lingua, era a voz que falaba por todos". E conclúe: "precisamos voces que nos recorden que non existe aínda o equilibrio para a sociedade, nin para o xénero, nin para as linguas, que hai unha lingua propia e oficial que segue sendo invisibilizada e marxinada".

Actos públicos

Durante toda a xornada haberá actos nos centros de ensino, pero tamén nas rúas e prazas máis significativas das principais vilas e cidades galegas. Estes son:

Santiago de Compostela, Panteón dos Galegos Ilustres, 18:00

A Coruña, Kiosko Alfonso, 18:30

Lugo, Salón de actos do IES Lucus Augusti, 10:30

Ourense, Liceo, 19:00

Ferrol, Galería Sargadelos, 19:00

Vigo, Museo de Arte Contemporánea (MARCO)

A Rúa, Biblioteca Pública Municipal, Casa da Cultura, 18:30

Pontevedra, Casa das Campás, 18:00

A Estrada, Sala de conferencias e exposicións CaixaNova, 19:00

Monforte, Centro de interpretación do viño, 21:00

"Rosalía como berro"

En cada un destes actos o coordinador/a, socio ou socia da AELG, lerá unha Declaración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de

Rosalía de Castro 175 anos despois do seu nacemento, do que este xoves se adiantou o primeiro parágrafo: "Hoxe Rosalía como berro que reclama e revive en presente atemporal a reivindicar a presenza de lingua e identidade en todos os recunchos do noso país".

En opinión de Mercedes Queixas, "estamos escribindo un capítulo máis dunha historia que non sempre é lineal, non se nos permite sempre avanzar con paso firme, senón que temos que dar eses pasos adiante e atrás da Penélope que nos recordaba Díaz Castro. Nós estamos escribindo un capítulo o mesmo que outras xeracións escribiron outros. Non hai nada rematado, hai moito por facer, moito por recuperar, e o importante é que teñamos esa vontade e esa firmeza que nos caracteriza ao longo da historia, para chegar a ese coñecemento, e unha vez que cheguemos ao coñecemento chegaremos ao recoñecemento e ao orgullo e a posta en valor do que somos, dentro dun mundo moi amplo pero dende a nosa individualidade".